

PLAN DE ARQUIVOS DA XUNTA DE GALICIA

2022-2026

Índice

| | |
|--|-----------|
| 1. Introducción | 3 |
| 1.1. Contexto e obxectivos | 4 |
| 1.2. Resumo executivo | 9 |
| 2. Metodoloxía | 10 |
| 2.1. Entrevistas individuais e grupos de traballo | 10 |
| 2.2. Estudo sobre as condicións e volume documental da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia. | 13 |
| 3. Misión e visión | 15 |
| 4. Diagnóstico | 17 |
| 4.1. Fundamentos xurídicos | 17 |
| 4.2. Ámbito de aplicación | 18 |
| 4.3. Concepción do sistema de Arquivos da Xunta de Galicia | 19 |
| 4.4. Organización e estrutura do sistema de arquivos físicos | 20 |
| 4.5. Novos retos do Sistema de Arquivos da Xunta de Galicia: a Administración electrónica | 24 |
| 4.6. Matriz de debilidades, ameazas, fortalezas e oportunidades (DAFO) | 27 |
| 5. Liñas e obxectivos estratéxicos | 28 |
| 6. Seguimento e avaliación | 44 |

1. INTRODUCCIÓN

A dimensión conceptual do termo “arquivo” resulta ser complexa e rica ao mesmo tempo dado que, dende unha perspectiva legal, cando empregamos este termo estamos a referirnos, por unha banda, a un ou varios conxuntos orgánicos de documentos producidos, reunidos ou conservados polas persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas, no exercicio das súas funcións e actividades, con finalidades de xestión administrativa, proba dos dereitos e deberes da Administración e da cidadanía, investigación ou acceso á información e á cultura.

Por outra banda, tamén se entende por arquivo o sistema corporativo de xestión documental que contribúe coa súa metodoloxía a definir os procesos de produción administrativa, garantindo a correcta creación dos documentos, o seu tratamento, conservación, acceso e comunicación.

E, por último, denomínase arquivo a institución especializada onde se reúnen, custodian e serven os fondos documentais, por medios e técnicas que lle son propias, para o cumprimento dos fins citados.

Xa que logo, á hora de deseñar un plan de arquivos coma o que nos ocupa, non podemos esquecer esta tripla dimensión, como tampouco podemos descoñecer a existencia dun arquivo electrónico que cada vez cobra máis pulo na realidade administrativa, en consonancia co avance das novas tecnoloxías. O contexto dixital debe estar polo tanto presente, por canto a administración electrónica resulta ineludible para calquera administración pública na medida en que a cidadanía ten dereito a relacionarse con ela a través de sistemas e medios electrónicos.

Con carácter xeral os arquivos reúnen os documentos que as institucións, as entidades, as empresas e as persoas producen de forma natural no desenvolvemento das súas funcións e actividades (administrativas, económicas, sindicais, relixiosas, persoais...).

Os arquivos son administración e son cultura; poderíase dicir que representan a cultura da Administración porque constitúen o precipitado material das normas, dos procedementos, dos actos e da forma de traballar das organizacións públicas e privadas. Pero, nun sentido máis amplo, son cultura porque conforman algo tan transcendente como o patrimonio documental dun país.

O patrimonio documental é unha parte fundamental da memoria colectiva da sociedade. Os documentos que o integran ofrecen información, coñecemento, ciencia, garantía de dereitos cidadáns, transparencia, historia, arte... Por iso, debemos velar pola súa conservación e garantir o acceso de todos, desde a cidadanía e o persoal funcionario, ata as persoas xornalistas e as investigadoras.

Tal como nos lembra a Lei 7/2014, do 26 de setembro, de arquivos e documentos de Galicia, na súa exposición de motivos, *os arquivos constitúen servizos da máxima relevancia nunha sociedade democrática. A través deles asegúrase a reunión, conservación e consulta dos documentos que integran o patrimonio documental dun pobo nas súas diversas expresións, e contribúese así ao cumprimento das previsións da Constitución española de 1978.*

A Recomendación da UNESCO, do 17 de novembro de 2015, relativa á preservación do patrimonio documental, comprendido o patrimonio dixital e o acceso ao mesmo, lémbraunos que o **patrimonio documental do mundo ten unha importancia global e é responsabilidade de todos, e debería ser plenamente preservado e protexido para todos, tendo debidamente en conta e recoñecendo os hábitos e prácticas culturais. Debería ser accesible para todos e reutilizable de maneira permanente e sen obstáculos. É un medio para entender a historia social, política e colectiva, así como persoal, e pode contribuír a constituír a base da boa gobernanza e o desenvolvemento sostible. Para cada Estado, o seu patrimonio documental reflicte a súa memoria e identidade e contribúe así a determinar o seu lugar na comunidade mundial.**

En definitiva, os arquivos son moito máis que servizos de depósito cultural, xa que os documentos que os conforman son patrimonio documental e xogan un decisivo papel para asegurar a eficacia de dereitos e previsións constitucionais tales como o dereito fundamental de liberdade de información, a consecución da eficacia administrativa, o cumprimento do dereito de acceso á cultura, a promoción da investigación científica ou a conservación e promoción do patrimonio histórico, cultural e artístico, do que o patrimonio documental constitúe unha parte fundamental.

1.1. Contexto e obxectivos


Pódese afirmar que a partir da segunda metade do século XX, a sociedade contemporánea, e a galega non podía ser unha excepción, vén experimentando procesos de globalización en aspectos financeiros, económicos, políticos e culturais. Como resultado da confluencia da globalización e o desenvolvemento das tecnoloxías, especialmente da información e da comunicación, esta sociedade foi denominada como "A sociedade da información", concepto

este que entendemos superado polo de “Sociedade da administración dixital”. Dende hai tempo, as administracións públicas están aplicando enfoques innovadores na prestación dos seus servizos á cidadanía, en coherencia coas súas demandas e necesidades e no marco das posibilidades que ofrece o actual contexto dixital.

Isto tamén ten a súa repercusión nos arquivos, como elementos imprescindibles da administración, que están obrigados a introducir cambios nos seus procedementos, para adaptárense ás tecnoloxías incorporando novos métodos e prácticas profesionais en relación ao tratamento dos documentos (tanto dixitais como analóxicos dixitalizados), e explorando novas fórmulas de coordinación, cooperación e participación, para un mellor servizo á administración e aos cidadáns.

A transformación da nosa sociedade esixe aos arquivos mudanzas e revisións dos sistemas de traballo e de coñecementos, recursos materiais e tecnolóxicos e atraer talento.

A adaptación ás novas contornas será fundamental para que os centros de arquivo sigan dando servizo á cidadanía nunha sociedade dixital, onde deberán dar resposta a retos como o acceso á información de forma sinxela, rápida e en rede; a automatización dos procesos de traballo ou a ampliación e extensión do concepto de patrimonio documental.



Estes arquivos e as funcións arquivísticas para o futuro máis próximo deberán ter un funcionamento máis participativo e democrático, onde as persoas e a sociedade civil sexan axentes implicados na configuración dunha memoria social conscientemente construída que reflicta a igualdade entre mulleres e homes, ao tempo que a diversidade, mediante a visibilización de colectivos minoritarios. Configúranse sobre a vontade de servizo, a integración no goberno aberto, a esixencia de participación da sociedade e a busca de fórmulas de traballo conxunto e transversal.

Neste contexto, a Xunta de Galicia desenvolve o Plan de Arquivos da Xunta de Galicia 2022-2026 partindo das recomendacións da UNESCO e das normativas europea, nacional e autonómica, así como do coñecemento da realidade arquivística de Galicia.

De maneira previa ao deseño das liñas, obxectivos e accións do Plan de Arquivos da Xunta de Galicia, desenvolveuse unha diagnose da situación actual do Sistema de Arquivos da Xunta de Galicia, analizando as seguintes cuestións:

» **O volume de produción documental da Xunta de Galicia e o control da súa xestión.**

A produción documental dos centros e entidades que integran a Xunta de Galicia é un aspecto clave para este Plan, non só no que atinxe ao volume e ao seu incremento continuado, senón tamén a outros aspectos que teñen que ver coa xestión desa documentación ou coas condicións de conservación e custodia.

» **A dotación de recursos materiais (infraestruturas e equipamentos) e humanos.**

Os recursos cos que se fornecen estes arquivos, especialmente no que se refire a infraestruturas e equipamentos e ás condicións físicas que estes presentan.

Ao mesmo tempo tamén se analizou a situación de partida respecto da estrutura de recursos humanos coa que conta a Xunta de Galicia, non só na Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, senón tamén no resto de Consellerías: distribución, perfís, funcións, modalidades de formación e promoción...

» **A tipoloxía e cuantificación dos servizos prestados.**

Analizouse o tipo de servizos que se prestan, tanto dentro da propia Administración, como cara ao exterior, identificando ás persoas usuarias, medios e tecnoloxías para a súa prestación, nivel de demanda, variación e tendencia desta demanda, de tal xeito que poidan

identificarse medidas que permitan acomodar os recursos ás necesidades futuras e tamén medidas que permitan unha maior difusión de todo canto ten que ver cos arquivos do Sistema de Arquivos da Xunta de Galicia.

Tras a diagnose, procédese a fixar as **liñas estratéxicas do Plan** en torno a tres grandes retos que teñen que ver con:



1º. Dotar e ordenar os recursos

Dentro desta liña estratéxica desenvólvense dous obxectivos estratéxicos principais (dotar e ordenar os cadros de persoal e dotar e ordenar os recursos materiais), con accións encamiñadas a reforzar os recursos, en medios materiais, espazos e persoal, conducentes ao mellor funcionamento e administración do sistema e establecendo responsabilidades técnicas na devandita administración e na dinámica de traballo deste novo escenario.



2º. Optimizar a xestión dos arquivos

Dentro desta liña desenvólvense tres obxectivos principais (optimización da organización, optimización da xestión documental e finalmente simplificación, dixitalización e automatización de procesos), con accións dirixidas a unha xestión eficiente, tanto analóxica como dixital, da documentación, desenvolvendo, mantendo e estandarizando os instrumentos de identificación, clasificación, avaliación, selección e eliminación de documentos, así como as transferencias e os dereitos e restricións de información, copia, certificación e acceso á documentación pública, e establecendo os órganos de dirección, coordinación, cooperación e inspección do sistema.

Tamén se refire á elaboración de censos, inventarios e catálogos que permitan a súa protección, conservación preventiva, restauración, reprodución, especialmente a través da dixitalización, e a súa difusión e uso, tanto por especialistas, como polo público maioritario, con técnicas informáticas ou a través de publicacións tradicionais.




3º. Potenciar a difusión

Dentro desta liña desenvólvense dous obxectivos estratéxicos principais (prestación de servizos innovadores e deseño e desenvolvemento de accións de difusión), con accións dirixidas a promocionar os servizos do Sistema de Arquivos da Xunta de Galicia de cara aos cidadáns, para promover o coñecemento, o acceso e o uso do patrimonio documental de Galicia, tanto analóxico coma dixital.

Deséñanse as accións tendo en conta a distinta natureza dos fins que poden perseguirse: didácticos, educativos, económicos e culturais en xeral e pensando na incorporación de dixitalizacións aos sistemas de información galegos, estatais e europeos para a súa maior difusión.

Ao mesmo tempo, coas accións que se incorporan dentro desta liña, búscase a promoción da participación da cidadanía e organizacións cidadás no incremento, protección, explotación e difusión do patrimonio documental, dentro e fóra de Galicia, a través de medidas de colaboración, mecenado e voluntariado, sen esquecer a colaboración con outras administracións e institucións con fins de correspondencia, especialmente bibliotecas, museos e centros de documentación de estudos, e búscase tamén facilitar o acceso á información e o uso da documentación, fomentando a creación de redes culturais.




1.2. Resumo executivo

Actualmente o Sistema de Arquivos da Xunta de Galicia atópase ante o desafío de adaptarse ás novas necesidades da Administración Pública e da cidadanía galega en xeral. É o xestor do importante patrimonio documental de Galicia e por iso é necesario que conte cunha estrutura eficaz e eficiente, que responda a ditas necesidades e, á súa vez, sexa capaz de transmitir á cidadanía todo o que ten que ofrecer.

De seguido, móstrase un esquema executivo do Plan de Arquivos da Xunta de Galicia 2022 – 2026, cuxas accións deberán executarse tendo en conta criterios de accesibilidade e integrando a perspectiva de xénero. O Plan queda estruturado en tres liñas estratéxicas con cadanseus obxectivos estratéxicos, do seguinte xeito:

V I S I Ó N

Dispoñer dun sistema de Arquivos eficiente, eficaz e de referencia, optimizando a xestión e coordinación entre os diferentes axentes, potenciando os servizos, a difusión do patrimonio e a accesibilidade universal, e integrando a perspectiva de xénero en todos os procesos.



2. METODOLOXÍA

2.1. Entrevistas individuais e grupos de traballo

Para a elaboración deste borrador de Plan de Arquivos da Xunta de Galicia 2022 – 2026, levouse a cabo o diagnóstico do estado actual do Sistema de Arquivos da Xunta de Galicia. Con tal fin, realizáronse, en primeiro lugar, entrevistas e encontros de debate e reflexión con distintas persoas do ámbito arquivístico:

Responsable da Subdirección Xeral de Arquivos e Museos de Galicia

Xefa do Servizo do Arquivo de Galicia

Xefa do servizo do Sistema de Arquivos

Responsable de Galiciana: Arquivo Dixital de Galicia

Directora do Arquivo do Reino de Galicia

Xefe de Sección do Arquivo do Reino de Galicia

Director do Arquivo Histórico de Ourense

Xefa de sección do Arquivo Xeral Territorial de Lugo

Responsable do Arquivo Territorial de Pontevedra

Responsable do Arquivo Territorial de Vigo

Directora do Arquivo Histórico de Pontevedra

Directora do Arquivo Histórico de Lugo

Outros expertos do ámbito arquivístico

Neste contexto, recolléronse datos e analizouse a situación actual do Sistema de Arquivos da Xunta de Galicia: emprazamento dos locais destinados a arquivo, dotación de infraestruturas e volume de ocupación, cadros de persoal existentes e necesidades de adaptación para afrontar o desempeño das funcións e responsabilidades que teñen encomendadas, tipo e modalidade dos servizos que se prestan, tipo e volume de usuarios, actividades de difusión realizadas e, sobre todo, as necesidades relacionadas coa incorporación de novos mecanismos e fórmulas de cara ao control, protección, explotación e difusión do patrimonio documental que xestionan os Arquivos.

Todos estes datos foron analizados e tratados para un diagnóstico previo da situación actual e contrastados a través de diferentes grupos de traballo específicos: por unha banda, o grupo de traballo creado en virtude do acordo do Consello de Arquivos de 19 de decembro de 2017, para elaborar o Plan de arquivos e, por outra banda, o grupo de traballo no que se tratan as propostas de avaliación e eliminación de series documentais, cuxos membros tamén tiveron a oportunidade de facer achegas ao contido do plan.

Nestes grupos de traballo foron analizadas e validadas, de xeito pormenorizado, as principais preocupacións e necesidades actuais e futuras do Sistema de Arquivos da Xunta de Galicia, para poder establecer e validar as liñas, obxectivos e accións contidas no presente Plan.

Destas xuntanzas cabe destacar as reflexións orientadas á análise de aspectos que teñen que ver, entre outros:

1. Cos **recursos ou medios materiais** cos que se conta nos diferentes tipos de arquivo (de xestión, centrais, territoriais e históricos).
2. Cos **recursos humanos**, sendo especialmente preocupante a ausencia de postos de persoal arquivista na meirande parte das Consellerías. Esta é un cuestión clave e prioritaria para o correcto funcionamento do Sistema. A ausencia de persoal específico deriva na acumulación de documentos que non se arquivan correctamente, que non se organizan e que non son obxecto de estudo de cara a súa conservación permanente ou eliminación, de ser o caso. Isto está a provocar limitacións importantes de cara ao acceso da cidadanía a esa documentación ao tempo que se erixe nun problema de acumule documental incontrolado.



Os recursos persoais que a Administración autonómica dedica á xestión documental no ámbito dos **arquivos centrais e territoriais** concéntranse en catro consellerías.

| Consellería | Número de postos creados | Número de postos ocupados |
|--|--------------------------|---------------------------|
| Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades | 5 | 5 |
| Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación | 3 | 3 |
| Consellería do Mar | 1 | 0 |
| Consellería de Política Social | 1 | 0 |

O resto de consellerías carecen de recursos humanos propios dedicados á xestión documental.

3. Co ausencia dun óptimo **coñecemento dos procesos de xestión documental** por parte dos distintos departamentos e órganos da Administración. Estes procesos resultan claves para o tratamento de todos cantos documentos produce a Administración.
4. Co escaso **coñecemento do labor que se desenvolve nos arquivos**, sobre todo por parte da cidadanía.
5. Coa necesidade de situar a xestión arquivística no século XXI, dende o punto de vista da **acesibilidade**, da **prestación de servizos dixitais e da dixitalización de documentos** para garantir, tanto a súa preservación, como o a súa difusión.

2.2. Estudo sobre as condicións e volume documental da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia.

De forma paralela á realización de entrevistas e grupos de traballo, a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades acometeu un estudo da situación e volume dos fondos documentais cos que conta a Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia a fin, non só de medir o volume documental, senón tamén de ver as condicións físicas de conservación e custodia de documentos en todos e cada un dos depósitos. Este traballo resulta de gran transcendencia para coñecer os medios e as infraestruturas coas que conta esta Administración en materia de arquivos, así como para avaliar as necesidades, tanto materiais como persoais, asociadas ao Sistema de Arquivos da Xunta de Galicia.

Como **conclusiones máis relevantes** deste estudo, podemos destacar:

1. Na actualidade existen 164.346 metros lineais de documentación na Xunta de Galicia, dos cales 58.952 correspóndense a servizos centrais e 105.394 aos servizos provinciais.
2. Existen 1.026 locais destinados ao depósito documental.
3. A porcentaxe de documentación custodiada en locais que non son propiedade da Xunta de Galicia varía desde o 25 % de servizos centrais ata 5,64 da Xefatura territorial de Pontevedra.



4. Non existe persoal arquivista nos arquivos centrais na maioría das consellerías. Tan só a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, así como a Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación, dispoñen de persoal arquivista traballando nas súas instalacións. Outras consellerías como Política Social ou Mar dispoñen de posto de arquivista/a na súa Relación de Postos de Traballo pero estes non están cubertos.

En todo caso, a porcentaxe de documentos custodiados por persoal arquivista nas Consellerías non supera o 15,15% do volume total existente.

No caso das Xefaturas Territoriais, tan só contan con persoal arquivista as Xefaturas Territoriais de Lugo e Pontevedra.

Xa que logo, existe un gran volume documental que non está a ser xestionado por persoal axeitado. Incluso á marxe da existencia de persoal arquivista, na meirande parte dos casos, non é posible identificar unha persoa responsable directa sobre a documentación.

5. En canto ás condicións de conservación da documentación, a maioría desta documentación está en locais con condicións minimamente axeitadas. Con todo, detectáronse casos nos que é evidente a necesidade de facer melloras que eviten prexuízos irreparables aos fondos custodiados.

3. MISIÓN E VISIÓN

A elaboración do Plan de Arquivos da Xunta de Galicia 2022-2026 xorde da necesidade de formular unha resposta diante das debilidades que hai identificadas actualmente no funcionamento do dito Sistema, que permita converter estas en oportunidades para o presente e o futuro, así como para potenciar as actuais fortalezas.

A estratexia está elaborada desde unha perspectiva ampla, directa e eficaz, que permite mellorar e optimizar o funcionamento do Sistema de Arquivos da Xunta de Galicia, así como a súa posta en valor para a sociedade. Trátase dunha estratexia construída a través da discusión cos responsables e principais axentes clave que desenvolven a súa actividade arredor dos arquivos.

MISIÓN

A misión do Plan de Arquivos da Xunta de Galicia 2022-2026 é a definición de liñas estratéxicas, obxectivos e accións que configuren unha folla de ruta para a optimización do Sistema nos vindeiros anos.

VISIÓN

Os Arquivos da Xunta de Galicia forman parte do patrimonio cultural da sociedade. Non só se encargan de almacenar datos, senón que serven a uns fins moito máis ambiciosos que atopan o seu alicerce na propia Constitución Española. Ademais, como parte fundamental da cultura e da identidade do pobo galego, son de interese para o conxunto da cidadanía, que en xeral descoñece o seu funcionamento e as diferentes funcións e servizos que poñen á súa disposición.

O Sistema de Arquivos da Xunta de Galicia debe ser percibido como un pilar fundamental para a consecución dunha correcta xestión documental que permita unha xestión administrativa eficaz, atenta aos intereses da cidadanía e que asegure a conservación e difusión daqueles documentos que, polo seu valor cultural, conforman o patrimonio documental de Galicia.

Todo elo, nun escenario de cambio cara a Administración electrónica e a dixitalización, no que é precisa a coordinación entre os diferentes axentes implicados e sempre sen esquecer a necesidade de garantir unha accesibilidade universal e de integrar a perspectiva de xénero en todos os procesos.

Para estes efectos, precísase dunha visión integradora apoiada nos seguintes tres eixos:

1. Un funcionamento óptimo dos arquivos, que permita unha xestión documental eficiente.
2. A mellora da comunicación entre os diferentes axentes implicados na xestión arquivística.
3. A difusión e potenciación das funcións dos Arquivos que forman parte do Sistema de Arquivos da Xunta de Galicia, para poñelos a disposición da cidadanía.

4. DIAGNÓSTICO

4.1. Fundamentos xurídicos

A **Lei 7/2014, de 26 de setembro, de arquivos e documentos de Galicia** constitúe o fundamento básico deste plan. Tal como xa se avanzou, este texto legal refírese aos arquivos como servizos de máxima relevancia nunha sociedade democrática, a través dos cales se asegura a conservación e consulta dos documentos que integran o patrimonio documental dun pobo nas súas diversas expresións.

No título II da devandita Lei, defínense os arquivos públicos, as súas clases, o persoal, así como as infraestruturas e orzamentos necesarios para o seu funcionamento.

Pero sen dúbida, se hai unha previsión dentro da lei que serve de fundamento a este plan, esa é a contida na **disposición transitoria segunda**, onde se lle encomenda á consellería competente en materia de cultura que lle propoña ao Consello da Xunta de Galicia *a aprobación dun plan de arquivos, que avaliará as necesidades de persoal e de infraestruturas dos arquivos do Sistema de Arquivos da Xunta de Galicia*.

Xuntamente coa Lei 7/2014, de 26 de setembro, o contexto normativo no que se desenvolve este plan tamén ten en conta:

A **Estratexia da Cultura Galega 21**: dentro da liña estratéxica 4. FORTALECEMENTO DA FUNCIÓN SOCIAL DAS INSTITUCIÓNS E ENTIDADES DA CULTURA, incorpórase como obxectivo 4.3. Desenvolver os servizos nos arquivos públicos.



O **artigo 109 da Lei 5/2016, de 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia** fai referencia ao patrimonio documental de Galicia e aos requisitos para formar parte do mesmo.

A **Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas** e a **Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público**, no que respecta ao arquivo electrónico e a normativa sobre de administración dixital propia de Galicia.

A **Lei Orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes** e o **Decreto Legislativo 2/2015, de 12 de febreiro**, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade.

A **Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia**, pola súa incidencia no modelo dixital de arquivos e na xestión documental da Xunta de Galicia.

O **Decreto 15/2016, de 14 de xaneiro, polo que se regula a composición e o funcionamento do Consello de Avaliación Documental de Galicia e o procedemento de avaliación e selección de documentos**.

O **Decreto 25/2016, do 3 de marzo, polo que se regula a composición e o funcionamento do Consello de Arquivos de Galicia**.

4.2. Ámbito de aplicación

O ámbito de aplicación deste plan é o Sistema de Arquivos da Xunta de Galicia, conformado polos seus arquivos e polos órganos dirección, coordinación e cooperación, segundo o establecido na **Lei 7/2014, de 26 de setembro, de arquivos e documentos de Galicia**, capítulo II do Título III, onde se establece a estrutura, os órganos e os arquivos públicos que o conforman no artigos 35 a 43.

O deseño de procesos de traballo, as dotacións de medios tecnolóxicos e infraestruturas, e a captación de talento conformarán o sistema de arquivos que dará resposta aos retos de cambio aos que se enfronta.

4.3. Concepción do sistema de Arquivos da Xunta de Galicia

Un sistema é un conxunto organizado de elementos que forman un todo ou que teñen a mesma función. Un sistema de arquivos debe cumprir as dúas características, alternativas na definición, tal e como se ordena na Lei 7/2014, de 26 de setembro, de arquivos e documentos de Galicia:

- » Conxunto organizado de elementos: arquivos e os órganos dirección, coordinación e cooperación.
- » Conxunto de elementos que teñen as mesmas funcións: participar na xestión documental da Xunta de Galicia, facilitar o acceso aos documentos e á información que conteñen, e garantir a protección e promoción do patrimonio documental.

Este plan de arquivos pretende actualizar, modernizar e configurar un sistema que cumpra con estas dúas premisas nun contexto mudable da concepción da xestión documental, de arquivo, e de patrimonio documental. O sistema ten que dar solucións á xestión de documentos en papel e á administración dixital, así como afrontar a conservación do patrimonio en ambos formatos ou soportes, papel e electrónico, e responsabilizarse da súa promoción nestas dúas vertentes.

Para facer fronte a estas tarefas desenvolverase unha estrutura cun funcionamento de carácter dual pero complementario, que dea satisfacción ás dúas dimensións: xestión documental e patrimonio documental.

Esas dúas dimensións conforman a esencia das funcións arquivísticas que atenden, por una banda, a custodia de documentos para a garantir os dereitos da cidadanía, a eficacia e a eficiencia, e a transparencia.

Por outra banda, participan na modelación da identidade a través da conformación dun patrimonio documental no que teña presenza e representación toda a cidadanía, de forma xusta e democrática, con enfoques diversos, onde os colectivos minorizados, teñan unha presenza equitativa, construíndo un patrimonio para as persoas, para o que se necesita a implantación de políticas concretas de visibilización.

4.4. Organización e estrutura do sistema de arquivos físicos

O Sistema de Arquivos da Xunta de Galicia, que forma parte do máis amplo Sistema de Arquivos de Galicia, está integrado por un órgano de dirección e coordinación e os diferentes arquivos dependentes da Xunta de Galicia.

Este Sistema busca, por medio da xestión documental, dar resposta a tres obxectivos diferentes pero vinculados entre si:

- » Servir á xestión administrativa.
- » Garantir o dereito da cidadanía a acceder aos arquivos.
- » Protexer, conservar e difundir o patrimonio documental.

Estamos, polo tanto, ante unha estrutura legal e administrativa que permite un eficaz funcionamento dos arquivos e, en consecuencia, da propia Administración e que se basea na asunción de responsabilidades segundo o ciclo de vida dos documentos. Así, nun primeiro momento a responsabilidade sobre eles será das unidades xestoras e dende a finalización da tramitación, dos distintos tipos de arquivos.

Órgano de dirección e coordinación.

O artigo 36 da Lei 7/2014, de 26 de setembro, de arquivos e documentos de Galicia, establece que lle corresponde *á consellería competente en materia de arquivos e patrimonio documental o establecemento das directrices e normas aplicables aos documentos dos arquivos das entidades relacionadas no artigo 35. En todo caso, son competencias do órgano coordinador do Sistema de Arquivos da Xunta de Galicia:*

- a. Elaborar e, se é o caso, aprobar a normativa referente aos arquivos públicos do Sistema.*
- b. Elaborar as normas técnicas e de procedemento para a xestión dos arquivos do Sistema, sen prexuízo das competencias da consellaría ou da entidade instrumental competente en materia de Administración electrónica e sistemas de información.*
- c. Ditar as instrucións técnicas en materia de tratamento arquivístico dos arquivos integrantes do Sistema.*

- d. Coordinar e inspeccionar desde o punto de vista técnico os arquivos integrantes do Sistema.*
- e. Cooperar e fomentar a ordenación arquivística das entidades locais.*

En todo caso, este artigo encoméndalle ás persoas titulares de secretarías xerais técnicas das consellarías, secretarías de delegacións territoriais, xefaturas territoriais e ás responsables dos servizos xerais dos organismos e institucións citados no artigo 35.2 a función e responsabilidade de velar *pola adecuada instalación e funcionamento dos arquivos. Para estes efectos, os recursos necesarios para a custodia física e a execución dos procesos técnicos serán asumidos polos organismos produtores da documentación.*

Arquivos do sistema

Pertencen ao Sistema de Arquivos da Xunta de Galicia os arquivos de xestión e centrais dos seguintes órganos e entidades:

- a.** Os órganos de goberno e administración da Comunidade Autónoma de Galicia.
- b.** Os organismos autónomos, axencias públicas e outras entidades de dereito público ou privado con personalidade xurídica propia vinculadas ou dependentes da Xunta de Galicia.
- c.** As sociedades do sector público autonómico.
- d.** As fundacións do sector público galego.
- e.** As corporacións de dereito público con sede en Galicia, con respecto a aqueles documentos producidos no exercicio de competencias de carácter público.



Tamén forman parte do Sistema de Arquivos da Xunta de Galicia:

- a. Os arquivos xerais territoriais.
- b. O Arquivo do Reino de Galicia e os arquivos históricos provinciais de Lugo, Ourense e Pontevedra.
- c. O Arquivo de Galicia.

Funcións

As funcións de todos estes arquivos están recollidas na propia Lei. Con carácter xeral, como arquivos públicos deberán:

- » Participar na xestión documental das administracións públicas.
- » Facilitar o acceso aos documentos e á información que conteñen, de forma presencial e a través de medios electrónicos, mediante a consulta, reprodución directa ou a través dos instrumentos de referencia correspondentes.

A maior abastanza, os arquivos públicos de carácter histórico tamén asumen outras funcións:

- » Promover a recuperación ou reprodución dos documentos constitutivos do patrimonio documental galego ou de interese para Galicia que estén fóra da comunidade Autónoma.
- » Promover a incorporación, por calquera medio legal, de fondos documentais privados que teñan interese cultural.
- » Promover a conservación, organización e descrición dos fondos documentais de carácter permanente que custodien.
- » Desenvolver accións de divulgación e de formación entre os cidadáns dos fondos documentais que custodien.

- » Promover o desenvolvemento local mediante a colaboración con centros educativos e asociacións culturais da súa contorna na divulgación do patrimonio documental.

A Xunta de Galicia promoverá a converxencia de arquivos, bibliotecas e museos na conservación e acceso ao patrimonio documental, a través de directrices e políticas integradas para a súa dixitalización e difusión.

Estrutura funcional

A actividade de xestión documental da Administración debe de organizarse de modo que non se vexa condicionada polos cambios orgánicos ou reestruturacións administrativas que poidan producirse en cada momento. Para tal fin, resulta máis axeitada unha concepción funcional ou de procesos, moito máis flexible e susceptible de convivir cos cambios orgánicos.

Neste senso, na nova proposta de cadro de clasificación determinouse a existencia de 32 ámbitos competenciais, que teñen a consideración de funcións abstractas que, sen formar parte da propia estrutura do cadro, mediante a asignación dun código serven como elemento para a recuperación de información no sistema de información de arquivos da Xunta de Galicia, en coordinación co sistema de información xeral da Xunta de Galicia (aliñados cos utilizados na habilitación de procedementos administrativos).

Estes ámbitos competenciais son os seguintes:

- » Administración local
- » Administración xeral
- » Alta dirección
- » Augas
- » Benestar social
- » Comercio
- » Comunicación social e medios
- » Consumo
- » Cooperación e acción exterior
- » Cultura
- » Deporte
- » Economía
- » Educación
- » Emigración

- » Facenda
- » Igualdade
- » Industria
- » Infraestruturas
- » Innovación
- » Medio ambiente
- » Medio mariño
- » Medio rural
- » Ordenación do territorio
- » Política lingüística
- » Sanidade
- » Xestión forestal
- » Seguridade e Interior
- » Traballo
- » Transporte
- » Turismo
- » Vivenda
- » Xustiza

4.5. Novos retos do Sistema de Arquivos da Xunta de Galicia: a Administración electrónica

O Arquivo Electrónico da Xunta de Galicia é o sistema dixital que permite xestionar os documentos electrónicos en poder do sector público autonómico. Está integrado, tanto polo Arquivo Electrónico Administrativo, como polo Arquivo Electrónico do Patrimonio Documental, de acordo coas políticas de xestión establecidas en cada caso.

A transformación que supón a Administración electrónica esixe establecer estratexias capaces de dar resposta aos novos retos da xestión de documentos e arquivos nun escenario cambiante que busca unha relación coa cidadanía máis eficaz, eficiente, próxima e transparente. A creación de documentos electrónicos require a remodelación dos procesos administrativos para poder asegurar unha correcta xestión, conservación e accesibilidade de acordo cos preceptos legais, e nisto é fundamental o papel que as normas técnicas internacionais de xestión documental e as boas prácticas que serven de modelo outorgan tanto aos arquiteiros como a outros actores, fundamentalmente as persoas responsables da dirección da organización, dos procesos de xestión e dos sistemas tecnolóxicos e de seguridade da información. Colaboración e anticipación son dúas premisas fundamentais nun entorno postcustodial.

As institucións de arquivo e os profesionais que neles desenvolven as súas funcións deben ser capaces de afrontar a responsabilidade dos diferentes contextos da xestión documental (tanto en papel, como electrónica) para permitir unha mellor xestión administrativa e asegurar a conservación, protección, acceso e difusión do patrimonio documental. Un patrimonio que conforma a nosa memoria colectiva e que debe visibilizar a todo o conxunto da sociedade, incluídos os diversos colectivos minoritarios, así como promover a participación.

A norma ISO 15489-1 foi desde a súa publicación no ano 2001 o principal referente internacional de boas prácticas para a xestión de documentos nas organizacións. A súa revisión do ano 2016 incorporou o desenvolvido por outras normas posteriores como a serie de normas ISO 30300 (sobre requisitos para a xestión de documentos e o seu control e medición de resultados), ou o concepto de reutilización de documentos e de xestión de riscos. Esta nova versión reforza a importancia da análise da actividade funcional da organización, facendo do proceso de identificación e valoración documental un elemento clave e convertendo a actividade de incorporación dos metadatos ao longo da vida dos documentos en actividade fundamental para representar tanto o contexto de creación como as relacións existentes entre todos os axentes implicados na xestión, asegurando a autenticidade, integridade, fiabilidade e dispoñibilidade dos documentos ao longo do tempo.

Baixo estas premisas a función arquivística debe de ser entendida como un continuo e non como unha actividade que aplique métodos diferenciados de tratamento aos documentos atendendo á súa "idade", pois máis alá do seu soporte físico, os documentos son evidencias do sistema de información da organización que os creou.

Neste contexto:

- » O tradicional principio de procedencia está actualmente ligado, non tanto á estrutura orgánica xerárquica da organización, senón de forma conceptual, ás súas funcións e procesos. Isto significa adoptar cadros de clasificación funcionais, moito máis flexibles.
- » A descrición tradicional é substituída pola reutilización dos metadatos funcionais dos creadores dos documentos e a implantación de modelos conceptuais que reflectan a complexidade das múltiples relacións e teñan en conta os intereses das diferentes persoas usuarias.

- » A preservación e conservación van máis alá da salvagarda do medio físico no que se orixinaron os documentos tradicionais para incluír ademais a migración e conversión dos documentos electrónicos a novos sistemas que permitan a súa accesibilidade mantendo a súa autenticidade.
- » A valoración dos documentos debe ter en conta non só o interese da evidencia para a institución produtora ou o seu potencial para a investigación, senón tamén o interese social para a comunidade.
- » A comunicación e difusión da información deberá ser potenciada polas posibilidades que ofrecen os avances tecnolóxicos, eliminando, na medida do posible, as barreiras físicas ou administrativas restritivas do acceso e facilitando a participación das persoas usuarias.
- » En definitiva, o papel do persoal arquivista non pode quedar relegado á custodia dos documentos unha vez finalizados os procedementos, senón que debe de participar activamente nos seus procesos de deseño e contribuír deste modo a unha mellor xestión documental.



4.6. Matriz de debilidades, ameazas, fortalezas e oportunidades (DAFO)

A continuación preséntase unha análise de debilidades, ameazas, fortalezas e oportunidades para o Sistema de Arquivos da Xunta de Galicia, baseado nos diversos puntos analizados na diagnose previa.

| Debilidades | Ameazas |
|---|--|
| <ul style="list-style-type: none">» Escaseza e estrutura orzamentaria» Falta de persoal, con reducidos niveis administrativos» Falta de conciencia da competencia e persoal nos arquivos das Consellerías» Infraestruturas colapsadas» Acumulación e eliminación non contralada de fondos sen tratamento» Falta de desenvolvemento e adaptación normativa» Escasa cooperación e coordinación interna e externa» Complexidade e lentitude de certos procesos» Desenvolvemento parcial de sistemas de información» Falta de visibilidade e difusión do patrimonio documental» Percepción social dos arquivos» Desenvolvemento do arquivo electrónico único | <ul style="list-style-type: none">» A xestión cultural eclipsa á xestión documental» Perda de control sobre os arquivos e destrución do patrimonio documental» A xestión diaria impide desenvolver proxectos de maior alcance» Impide ou dificulta o cumprimento das súas funcións legais e supón o deterioro e a perda do patrimonio documental» Ineficacia e ineficiencia nos obxectivos arxivísticos acadados» Invisibilidade no patrimonio documental galego se non se atopa integrado nas redes galegas, estatais e internacionais |
| Fortalezas | Oportunidades |
| <ul style="list-style-type: none">» Os arquivos e o patrimonio documental de Galicia forman parte fundamental da cultura da Comunidade» A xestión dos arquivos está encomendada a unha unidade administrativa de rango elevado: a Subdirección Xeral de Arquivos» Xestión dun importante número de centros que custodian gran parte do patrimonio documental de Galicia» Longa experiencia na xestión dos arquivos» Os edificios dos arquivos adoitan ser edificios emblemáticos» Aposta tecnolóxica para a xestión integral» Implicación dos profesionais | <ul style="list-style-type: none">» Capacidade para crear unha conciencia social e cívica para o respecto ao patrimonio cultural» Posibilidade de conservar, documentar e difundir de forma integral o patrimonio documental de Galicia» Maior control do patrimonio baixo custodia» Valor engadido para a difusión do patrimonio que custodian |

5. LIÑAS E OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS

Neste apartado móstranse os obxectivos estratéxicos para cada unha das liñas definidas, detallando as accións a levar a cabo en cada un deles xunto cos axentes clave implicados, os instrumentos e as vías para desenvolve-las:



Liña estratéxica 1. Dotar e ordenar os recursos

Denominación do Obxectivo Estratéxico

OBXECTIVO ESTRATÉXICO 1.1: Dotar e ordenar os cadros de persoal

Descrición do Obxectivo Estratéxico

O persoal do Sistema de Arquivos da Xunta de Galicia é un pilar fundamental para o desenvolvemento dos procedementos que se levan a cabo nos mesmos.

Este obxectivo estratéxico ten a finalidade de analizar a adecuación do número e perfís do persoal dos Arquivos, co fin de dar resposta ás necesidades actuais do Sistema de Arquivos da Xunta de Galicia.

Accións

- » Análise das necesidades de persoal no Sistema de Arquivos da Xunta de Galicia (dotación, perfís, competencias, funcións...).
- » Establecemento de criterios obxectivos para a determinación do cadro de persoal dos arquivos.
- » Potenciación da promoción profesional do persoal dos arquivos.
- » Adequación dos niveis administrativos dos técnicos, tendo en conta as súas responsabilidades.

- » Deseño dun plan de formación continua adaptado ás necesidades do persoal dos arquivos.
- » Fomento da especialización do persoal en determinadas áreas específicas dos arquivos.
- » Actualización da Relación de Postos de Traballo na Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.
- » Dotación de prazas de persoal de arquivos nas Consellerías da Xunta de Galicia.

Axentes clave relacionados

- » Arquivos do Sistema de Arquivos da Xunta de Galicia.
- » Consellerías da Xunta de Galicia.

Instrumentos e vías

- » Reunións periódicas co persoal dos arquivos para detectar necesidades en materia de organización e desenvolvemento das tarefas diarias, formación, etc.
- » Realización de estudos periódicos analizando as necesidades de persoal e a súa especialización.
- » Elaboración de enquisas periódicas para a análise das necesidades de formación.





Liña estratéxica 1. Dotar e ordenar os recursos

Denominación do Obxectivo Estratéxico

OBXECTIVO ESTRATÉXICO 1.2: Dotar e ordenar os recursos materiais

Descrición do Obxectivo Estratéxico

O Sistema de Arquivos da Xunta de Galicia conta, entre os recursos materiais, con edificios emblemáticos para a cultura galega. Asemade, existen necesidades de espazo para o desenvolvemento da súa labor.

A finalidade deste obxectivo é analizar de maneira minuciosa todos os recursos materiais dos arquivos do Sistema de Arquivos da Xunta de Galicia, tanto a nivel de infraestruturas como de equipamentos, para coñecer as necesidades neste ámbito.

Accións

- » Análise das necesidades de recursos materiais dos arquivos do Sistema de Arquivos da Xunta de Galicia.
- » Avaliación da necesidade de creación dos Arquivos Xerais Territoriais na Coruña e Ourense.
- » Avaliación da necesidade de ampliación de espazos para o Arquivo de Galicia e os Arquivos Xerais Territoriais da Xunta de Galicia en Lugo e Pontevedra.
- » Colaboración con outras consellerías na creación de arquivos centrais para cada unha das áreas competenciais da Xunta de Galicia.
- » Colaboración coa Subdirección Xeral de Arquivos estatais:
- » Busca da nova sede do Arquivo Histórico Provincial de Pontevedra.


- » Avaliación da necesidade de ampliación de espazos do Arquivo do Reino de Galicia e do Arquivo Histórico Provincial de Lugo.
- » Peche do proceso de traslado á nova sede do Arquivo Histórico Provincial de Ourense.
- » Mellora dos equipos de reprografía e dos laboratorios de restauración dos arquivos.
- » Mellora da dotación de recursos e o mantemento das instalacións e equipamentos.

Axentes clave relacionados

- » Arquivos do Sistema de Arquivos da Xunta de Galicia.
- » Consellerías da Xunta de Galicia.

Instrumentos e vías

- » Reunións periódicas cos responsables dos arquivos para a detección de necesidades de recursos materiais.
- » Realización de estudos para analizar as necesidades de almacenamento físico.
- » Elaboración de inventarios de estado e calidade das instalacións e do material.
- » Reunións periódicas coa Subdirección Xeral de Arquivos e Museos e as Consellerías da Xunta de Galicia para a planificación da creación dos arquivos das Consellerías.





Liña estratéxica 2. Optimizar a xestión

Denominación do Obxectivo Estratéxico

OBXECTIVO ESTRATÉXICO 2.1: Optimizar a organización

Descrición do Obxectivo Estratéxico

Optimizar a organización do Sistema de Arquivos da Xunta de Galicia, facendo fincapé nunha maior organización e colaboración entre os arquivos.

Accións

» **Potenciación da organización, coordinación e colaboración entre os arquivos do Sistema de Arquivos da Xunta de Galicia, así como con outros axentes clave:**

- Colaboración no deseño dos procedementos administrativos coa Dirección Xeral de Simplificación Administrativa.
- Colaboración no deseño dos sistemas de información coa Axencia de Modernización Tecnolóxica de Galicia (AMTEGA).
- Colaboración con outros axentes clave públicos e privados.

» **Desenvolvemento e adaptación normativa.**

- Desenvolvemento regulamentario da Lei 7/2014, de 26 de setembro, de Arquivos e documentos de Galicia.
- Avaliación da aplicación do Decreto 219/2011, do 17 de novembro, polo que se fixan os prezos públicos e as normas dos servizos de reprodución prestados nos arquivos xestionados pola Xunta de Galicia.
- Elaboración de instrucións en ámbitos funcionais específicos co fin de unificar e mellorar os procesos de traballo.
- Elaboración dunha guía en materia de acceso aos documentos e á información, en colaboración coa Asesoría Xurídica e coas unidades administrativas, con directrices e criterios claros e homoxéneos para mellorar a interpretación da normativa aplicable.

» **Distribución de competencias dos Arquivos do Sistema de Arquivos da Xunta de Galicia no que atinxe aos ingresos de documentación.**

- Delimitación Territorial dos Arquivos dos Servizos Centrais.
- Delimitación Territorial do Arquivos Xerais Territoriais: a coordinación dos arquivos de xestión corresponderá ao Arquivo Xeral Territorial da cidade sede da delegación territorial, estean ou non emprazados no edificio administrativo da delegación e independentemente da área de competencia.
- No caso dos Arquivos Xerais Territoriais da provincia de Pontevedra, desenvolver unha delimitación por áreas de competencias: no caso de unidades administrativas con sede fora das cidades de Pontevedra e Vigo, a coordinación dos arquivos de xestión distribuirase en función de onde teñan a sede as xefaturas territoriais correspondentes. Así, as Oficinas Agrarias Comarcais da Consellería de Medio Rural, con xefatura territorial en Pontevedra, serán competencia do Arquivo Xeral Territorial de Pontevedra, e as xefaturas comarcais da Consellería do Mar, con sede en Vigo, serán competencia do Arquivo Xeral Territorial de Vigo.

» **Asesoramento ao persoal responsable dos arquivos de xestión das Consellerías e Delegacións Territoriais, co obxectivo de optimizar a súa organización e funcionamento.**

Axentes clave relacionados

- » Arquivos do Sistema de Arquivos da Xunta de Galicia.
- » Consellerías da Xunta de Galicia.
- » Dirección Xeral de Simplificación Administrativa.
- » Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (AMTEGA).

Instrumentos e vías

- » Reunións periódicas coa Dirección Xeral de Simplificación Administrativa para o deseño de procedementos administrativos.
- » Deseño de novos sistemas de información en colaboración coa AMTEGA.
- » Reunións periódicas coas persoas responsables dos arquivos de xestión das Consellerías e Delegacións Territoriais.
- » Desenvolvemento de xornadas de formación e asesoramento dirixidas ás persoas responsables dos arquivos de xestión das Consellerías e Delegacións Territoriais.



Liña estratéxica 2. Optimizar a xestión

Denominación do Obxectivo Estratéxico

OBXECTIVO ESTRATÉXICO 2.2: Potenciar a xestión documental

Descrición do Obxectivo Estratéxico

A documentación do Sistema de Arquivos da Xunta de Galicia forma parte do patrimonio cultural e da historia de Galicia. Contar cun Sistema de Arquivos cunha xestión documental optimizada é fundamental para facilitar o acceso a dita documentación.

O desenvolvemento da administración electrónica é un obxectivo estratéxico para a Administración de Galicia. Non pode haber administración electrónica sen arquivo electrónico (artigo 17 da Lei de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, e artigo 46 da Lei de Réxime Xurídico do Sector Público), e non existe arquivo electrónico sen xestión documental.

Na actualidade, o Arquivo de Galicia está a funcionar como o gran arquivo central da Xunta de Galicia, froito dunha situación estrutural de déficit de recursos humanos.

Sobre este escenario, a chegada e implantación na Xunta de Galicia da administración electrónica potenciará o papel do Arquivo de Galicia, ao apostar por un modelo de Arquivo Dixital Integrado.

Para desenvolver dita misión, debe potenciarse o papel do Arquivo de Galicia na xestión documental electrónica, optimizando a súa coordinación coa Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia.

Deben ademais potenciarse os arquivos históricos, a través da súa participación na xestión documental electrónica, en coordinación co Arquivo de Galicia, naqueles procedementos que se desenvolvan ou nos que participen de forma activa as xefaturas territoriais da Administración de Galicia.

Accións

- » Coordinación coa AMTEGA e coa Dirección Xeral de Simplificación Administrativa para o impulso dunha política de xestión documental.
- » Desenvolvemento e posta en marcha do cadro de clasificación funcional da Xunta de Galicia, en colaboración coa AMTEGA e a Dirección Xeral de Simplificación Administrativa.
- » Potenciación dos estudos de identificación, avaliación e selección das series documentais.
- » Impulso das políticas de dixitalización, baixo os criterios de prioridade que se definan, e integración do patrimonio documental analóxico que se custodia nos arquivos xestionados pola Xunta de Galicia.
- » Actualización do censo de arquivos e patrimonio documental público e privado de Galicia que permita coñecer o patrimonio documental en mans públicas e privadas.
- » Establecemento dun programa de transferencias, baixo os criterios de prioridade que se definan, baseado en datos do censo, nas necesidades das unidades administrativas e nas posibilidades dos arquivos do Sistema de Arquivos da Xunta de Galicia.
- » Elaboración dunha programación de descrición de fondos, con criterios de priorización, coordinando a metodoloxía, control e homoxeneización das descrições, tanto nos ingresos externos como na documentación producida pola Xunta de Galicia.
- » Promoción do acceso aos documentos e á información no marco da normativa vixente.
- » Planificación de actuacións de conservación preventiva e restauración, establecendo criterios de priorización para corrixir as deficiencias existentes actualmente.

Axentes clave relacionados

- » Arquivos do Sistema de Arquivos da Xunta de Galicia.
- » Consellerías da Xunta de Galicia.
- » Asesoría Xurídica da Xunta de Galicia

- » Dirección Xeral de Simplificación Administrativa.
- » Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (AMTEGA).

Instrumentos e vías

- » Reunións periódicas coa Dirección Xeral de Simplificación Administrativa para o deseño de procedementos administrativos.
- » Deseño de novos sistemas de información en colaboración coa AMTEGA.
- » Reunións periódicas coas persoas responsables dos arquivos de xestión das Consellerías e Delegacións Territoriais.
- » Desenvolvemento de xornadas de formación e asesoramento dirixidas ás persoas responsables dos arquivos de xestión das Consellerías e Delegacións Territoriais.





Liña estratéxica 2. Optimizar a xestión

Denominación do Obxectivo Estratéxico

OBXECTIVO ESTRATÉXICO 2.3: Simplificación, dixitalización e automatización de procesos

Descrición do Obxectivo Estratéxico

A finalidade última da optimización da xestión no Sistema de Arquivos da Xunta de Galicia é lograr a dixitalización do patrimonio e mellorar a eficiencia e a eficacia dos procesos.

Para elo é fundamental lograr a interoperabilidade entre as aplicacións, e mellorar e automatizar os procesos dos arquivos do Sistema de Arquivos da Xunta de Galicia.

Accións

- » Finalización da implantación de ARQA, promovendo a interoperabilidade con todos os sistemas de xestión documental.
- » Migración e interoperabilidade destas aplicacións coas bases de datos locais e coa aplicación XARAL.
- » Promoción da interoperabilidade de ARPAD e Galiciana, que facilite o proceso de conversión dun documento administrativo en documento de conservación permanente.
- » Simplificación dos estudos de identificación, valoración e selección documental, definindo tarefas, prazos, diagramas de fluxos, etc.
- » Optimización da xestión dos ingresos documentais a través da dispoñibilidade na aplicación ARQA da base de datos dos ingresos por parte dos xestores administrativos.
- » Optimización do proceso de descrición documental, reutilizando a información dispoñible nas aplicacións corporativas de xestión, para o cal deberán establecerse pasarelas entre ARQA e as principais aplicacións informáticas da Xunta de Galicia.

- » Optimización do proceso de transferencias a través do establecemento de pasarelas entre as aplicación ARQA e DIGIARCH, migrando os rexistros descritivos.
- » Optimización do proceso de préstamos e consultas documentais a través da automatización dos procesos en ARQA.

Axentes clave relacionados

- » Arquivos do Sistema de Arquivos da Xunta de Galicia.
- » Consellerías da Xunta de Galicia.
- » Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (AMTEGA).

Instrumentos e vías

- » Establecemento de reunións periódicas coa AMTEGA para a posta en marcha dun programa de interoperabilidade entre as diferentes aplicacións e plataformas. Avaliación e seguimento dos procesos de integración/interoperabilidade.
- » Elaboración de estudos para a selección e valoración documental.





Liña estratéxica 3. Potenciar a difusión

Denominación do Obxectivo Estratéxico

OBXECTIVO ESTRATÉXICO 3.1: Prestación de servizos innovadores

Descrición do Obxectivo Estratéxico

Para que o Sistema de Arquivos da Xunta de Galicia alcance a visibilidade e potencial que posúe, é necesaria unha estratexia de difusión adecuada. Este obxectivo estratéxico ten como finalidade promover a utilización de todos os servizos dos que dispoñen os Arquivos, poñéndooos en valor e ao alcance dos usuarios. É prioritario definir dunha maneira homoxénea os servizos, e potenciar a súa utilización na rede.

Accións

- » Deseño dunha carteira de servizos única para o Sistema de Arquivos da Xunta de Galicia que achegue os servizos ao conxunto das administracións públicas, ao persoal investigador e á cidadanía en xeral.
- » Potenciación de servizos dixitais.
- » Incentivo da demanda de servizos por parte dos usuarios, impulsando a investigación histórica, as consultas do catastro histórico, etc.
- » Especialización de servizos en función dos recursos dispoñibles en cada arquivo.
 - Dixitalizacións especiais que requiran equipos e/ou persoal especializado.
 - Restauracións complexas que requiren dun equipamento e/ou persoal especializado.

Axentes clave relacionados

- » Arquivos do Sistema de Arquivos da Xunta de Galicia.
- » Consellerías da Xunta de Galicia.

- » Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (AMTEGA).
- » Sistema Universitario de Galicia (SUG).

Instrumentos e vías

- » Deseño dunha carteira de servizos común para o Sistema de Arquivos da Xunta de Galicia, especificando os servizos de cada arquivo.
- » Seguimento e avaliación periódica dos servizos, valorándose a súa modificación.
- » Desenvolvemento de accións de coordinación entre os arquivos para promover a especialización de determinados servizos.





Liña estratéxica 3. Potenciar a difusión

Denominación do Obxectivo Estratéxico

OBXECTIVO ESTRATÉXICO 3.2: Deseño e desenvolvemento de accións de difusión

Descrición do Obxectivo Estratéxico

A finalidade é lograr que o Sistema de Arquivos da Xunta de Galicia alcance unha visibilidade acorde á súa relevancia para a cultura e o patrimonio galegos.

Para iso, é fundamental que se deseñen accións coordinadas de difusión enfocadas ao público obxectivo e á cidadanía en xeral, coa finalidade de dar a coñecer e por en valor os servizos do Sistema de Arquivos da Xunta de Galicia.

Accións

- » Identificación de estruturas e/ou designación de persoas ou de equipos de referencia que coordinen e impulsen a difusión do patrimonio documental de Galicia.
- » Promoción da difusión dos servizos e actividades do Sistema de Arquivos da Xunta de Galicia nas consellerías da Xunta de Galicia e noutras administración públicas e axentes de referencia.
- » Análise das accións de difusión realizadas na actualidade e do seu impacto.
- » Desenvolvemento de microsites /coleccións en Galiciana. Arquivo Dixital de Galicia.
- » Deseño e desenvolvemento de accións de difusión atractivas para o público destinatario, integrando contidos dixitais, flexibles e innovadores, promovendo a colaboración tanto a nivel interno entre os arquivos do sistema, como a nivel externo con outros axentes clave (universidades, institutos, etc.). Para iso, desenvolveranse, entre outras, as seguintes accións:
 - » ■ Elaboración dun programa de exposicións, con mostras itinerantes para a súa exhibición nos diferentes espazos do Sistema de Arquivos da Xunta de Galicia.


- Elaboración dun programa de publicacións.
- Elaboración dunha programación de conferencias e xornadas de divulgación dos arquivos sobre:
 - funcións dos arquivos,
 - valoración documental,
 - dereitos de acceso e lei de transparencia,
 - Etc.
- Elaboración dunha programación de actividades didácticas especializadas por grupos de interese, así como dun catálogo de actividades que facilite a súa selección por parte dos grupos de interese de maneira sinxela e atractiva:
 - actividades escolares,
 - obradoiros de papel,
 - obradoiros de encadernación,
 - obradoiros de paleografía,
 - obradoiros infantís,
 - unidades didácticas baseadas en fondos fotográficos,
 - actividades de escape room, etc.
- Impulso da difusión a través dos portais web dos arquivos do Sistema de Arquivos da Xunta de Galicia.
- Impulso un programa de visitas virtuais e outras accións innovadoras.
- Potenciación da difusión a través de redes sociais.
- Creación dunha canle de YouTube dos arquivos, impulsando as retransmisións en streaming.
- Impulso da difusión a través de Galiciana. Arquivo Dixital de Galicia.
- Impulso da difusión a través do portal de datos abertos da Xunta de Galicia.

Axentes clave relacionados

- » Arquivos do Sistema de Arquivos da Xunta de Galicia.
- » Consellerías da Xunta de Galicia.
- » Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (AMTEGA).
- » Axentes do sistema de educación (universidades, institutos, colexios, etc.).
- » Outros axentes clave para a difusión (asociacións culturais de Galicia, etc.).

Instrumentos e vías

- » Creación de comisións para a coordinación da difusión do Sistema de Arquivos.
- » Desenvolvemento de grupos de traballo para o deseño e análise dunha programación innovadora e de calidade que responda ás necesidades do público obxectivo.
- » Creación dunha estratexia de difusión específica en redes sociais.
- » Coordinación cos axentes do sistema de educación para potenciar a utilización do Sistema de Arquivos no ámbito educativo e potenciar os contidos.
- » Coordinación con outros axentes clave para desenvolver accións de difusión conxuntas.



6. SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN

O Plan de Arquivos da Xunta de Galicia 2022-2026 contará cun sistema de avaliación e seguimento das liñas e obxectivos estratéxicos definidos, co obxectivo de medir o seu nivel de cumprimento, así como coñecer o seu grao de eficacia e eficiencia.

O seguimento do plan é o proceso, continuo e sistemático, para comprobar o cumprimento das expectativas que se planearon neste plan. O Plan de Arquivos da Xunta de Galicia presenta indicadores para cada obxectivo estratéxico, do xeito que se mostra de seguido:



Liña estratéxica 1. Dotar e ordenar os recursos

OBXECTIVO ESTRATÉXICO 1.1: Dotar e ordenar o persoal

| Indicadores asociados | 2022 | 2023 | 2024 | 2025 | 2026 |
|---|------|------|------|------|------|
| Número de persoal total | | | | | |
| Número de persoal dotado para as necesidades das Consellerías da Xunta de Galicia | | | | | |
| Número de persoal especializado | | | | | |
| Número de promocións profesionais | | | | | |
| Número de accións formativas | | | | | |
| Número de asistentes a accións formativas. | | | | | |

OBXECTIVO ESTRATÉXICO 1.2: Dotar e ordenar os recursos materiais

| Indicadores asociados | 2022 | 2023 | 2024 | 2025 | 2026 |
|---|------|------|------|------|------|
| Número de arquivos totais | | | | | |
| Número de arquivos creados | | | | | |
| Volumen de espazo actual (kms. lineais) | | | | | |
| Volumen de espazo ampliado (kms. lineais) | | | | | |
| Unidades de equipamento adquirido | | | | | |
| Unidades de equipamento mellorado | | | | | |
| Número de mantementos de equipamento | | | | | |



Liña estratéxica 2. Optimizar a xestión

OBXECTIVO ESTRATÉXICO 2.1: Optimizar a organización

| Indicadores asociados | 2022 | 2023 | 2024 | 2025 | 2026 |
|---|------|------|------|------|------|
| Número de reunións | | | | | |
| Número de asesoramentos a persoal responsable | | | | | |

OBXECTIVO ESTRATÉXICO 2.2: Potenciar a xestión documental

| Indicadores asociados | 2022 | 2023 | 2024 | 2025 | 2026 |
|--|------|------|------|------|------|
| Número de reunións | | | | | |
| Número de series documentais postas en valor | | | | | |
| Intervalos de actualización do censo de arquivos | | | | | |
| Número de ingresos e recepcións con criterios obxectivos | | | | | |
| Número de accesos telemáticos á información | | | | | |
| Número de accións de conservación e restauración | | | | | |

OBXECTIVO ESTRATÉXICO 2.3: Simplificación, dixitalización e automatización de procesos

| Indicadores asociados | 2022 | 2023 | 2024 | 2025 | 2026 |
|---|------|------|------|------|------|
| Número de reunións. | | | | | |
| Número de procesos dixitalizados. | | | | | |
| Número de fondos dixitalizados. | | | | | |
| Número de estudos de identificación, valoración e selección documental. | | | | | |
| Número de ingresos. | | | | | |
| Número de préstamos e/ou consultas. | | | | | |
| Número de arquivos provisionados á plataforma de datos abertos da Xunta de Galicia. | | | | | |



Liña estratéxica 3. Potenciar a difusión

OBXECTIVO ESTRATÉXICO 3.1: Prestación de servizos innovadores

| Indicadores asociados | 2022 | 2023 | 2024 | 2025 | 2026 |
|--|------|------|------|------|------|
| Número de servizos incluídos na carteira de servizos do Sistema de Arquivos da Xunta de Galicia. | | | | | |
| Número de préstamos e/ou consultas. | | | | | |
| Número de accesos dixitais a arquivos. | | | | | |
| Número total de servizos prestados por trimestre. | | | | | |

OBXECTIVO ESTRATÉXICO 3.2: Deseño e desenvolvemento de accións de difusión

| Indicadores asociados | 2022 | 2023 | 2024 | 2025 | 2026 |
|--|------|------|------|------|------|
| Número de persoal coordinador para a difusión do patrimonio documental de Galicia. | | | | | |
| Número de accións de difusión levadas a cabo. | | | | | |
| Número de impactos ou alcance das accións levadas a cabo. | | | | | |
| Número de exposicións levadas a cabo. | | | | | |
| Número de accións de visibilización internas. | | | | | |
| Número de conferencias e xornadas de divulgación. | | | | | |
| Número de visitas virtuais. | | | | | |
| Número de visitas ao portal web. | | | | | |
| Número de impactos en redes sociais. | | | | | |

Estes indicadores pretenden sinalar o obxectivo óptimo a alcanzar en cada unha das accións a levar a cabo. Os ditos indicadores serán actualizados de forma periódica, co fin de identificar coa maior brevidade posible os efectos das accións e así poder adaptalas dun xeito máis rápido e eficaz.

Crearase unha Comisión de Avaliación e Seguimento do Plan de Arquivos, que será a encargada de velar polo cumprimento de ditos obxectivos, así como da proposta de modificación ou adaptación das accións de cada Obxectivo Estratéxico, co fin de que sempre se atopen enfocadas a acadar a maior eficiencia. De igual modo velará pola aplicación da perspectiva de xénero na execución dos ditos obxectivos.

A Comisión será tamén a encargada de manter reunións periódicas coa Subdirección Xeral de Arquivos e Museos, cos responsables dos arquivos do Sistema de Arquivos da Xunta de Galicia e cos responsables de cada Consellería da Xunta de Galicia, co obxectivo de comunicar os avances do Plan de Arquivos e a adaptación das accións no seu caso.

